



Area / Unidad TRANSPORTES MU1100B BBA	Documento 51214102YI	
Código de verificación 2 3 J 5 Z 3 O 4 P 3 H 1 R 1 T 1 S 0 A W D μ » 2 3 J 5 Z 3 O 4 P 3 H 1 R 1 T 1 S 0 A W D μ » 3J5Z 3O4P 3H1R 1T1S 0AWD	Expediente 512/2020/2783	
	Fecha 17-08-2020	
Asunto ANUNCIO BOP BOP		

## INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓN PARA O TRANSPORTE ESCOLAR

### EDICTO

A Directora de Infraestruturas e Mobilidade, por delegación da Xunta de Goberno Local, na data 14 de agosto de 2020, aprobou a instrución do tenor literal seguinte:

“As empresas transportistas deberán estar en posesión da correspondente autorización con carácter previo ao inicio do curso escolar, ao obxecto de realizar o transporte escolar dentro do termo municipal da Coruña.

O procedemento de concesión da autorización iníciarase a solicitude das empresas de transporte que se presentarán preferentemente na sede electrónica do Concello da Coruña en <http://sede.coruna.gob.es>

O prazo de presentación destas solicitudes finaliza o 31 de agosto.

As empresas de transporte deberán presentar solicitude de licenza de transporte escolar, acompañada da seguinte documentación:

1. **Rutas**, facilitadas polos centros escolares
2. **Horarios**, Facilitados polos centros escolares
3. **Paradas** (poden consultar en <https://www.coruna.gal/mobilidade/gl/medios-de-transporte/autobus> a listaxe de paradas de transporte urbano)
4. A rede de rutas, paradas e horarios, que deberá entregarse nunha xeodatabase editable, en **formato GTFS OU SIMILAR**, compatible, en calquera caso con sistemas de información xeográfica. Poderán recibir información técnica sobre este extremo no teléfono 981 184 200, extensión 54034 ou no correo electrónico [i.gonzalez@coruna.es](mailto:i.gonzalez@coruna.es)
5. En canto aos **vehículos** destinados a este transporte, deberán presentar:  
**5.1.Relación de vehículos que se pretenden dedicar á prestación do servizo.** Estes vehículos deberán estar debidamente homologados como correspondentes á clase M, con carácter principal ou suplente, e que cumpren os requisitos establecidos no Real Decreto 443/2001, do 27 de abril.



**5.2. Certificado expedido pola Delegación de Transportes da Xunta de Galicia** no que conste que os vehículos –relacionando as matrículas- son idóneos para o transporte escolar. No suposto de non presentar este certificado, deberán presentar, **respecto de cada vehículo**, a seguinte documentación:

- a) Permisos de circulación dos vehículos a nome da empresa solicitante da autorización do transporte ou título que, de conformidade co establecido no artigo 48.1 da Lei de Ordenación do Transporte Terrestre, outorgue a dispoñibilidade sobre el.
  - b) Tarxeta de Inspección Técnica dos vehículos en vigor, acreditativa de que os vehículos que realizarán o transporte escolar cumpren o previsto no RD 443/2001, en relación co disposto no RD 2042/1994, do 14 de outubro.
  - c) Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo xustificativo do pagamento en vigor, que cubra os danos e perdas que poidan chegar a sufrir as persoas transportadas en cada vehículo adscrito ao servizo.
  - d) Se a periodicidade do pagamento dos recibos for distinta á anual, deberá presentar os orixinais ou fotocopia cotexada a cada vencemento. De non facelo así, anularase a autorización, salvo por calquera circunstancia fose baixa temporal o vehículo para o dito transporte, feito que deberá ser comunicado ao Concello para devolver a correspondente autorización.
6. Contrato co centro escolar ou, de ser o caso, certificación expedida polo centro contratante.
  7. Xustificante de pagamento da taxa municipal que, coa presentación da documentación no Rexistro Municipal, deberá aboarse segundo o previsto na Ordenanza Fiscal número 13.

Para as empresas de transporte que presenten toda a documentación esixida, serálles expedidas as correspondentes tarxetas de autorización. Para as demais, outorgarase un prazo de 10 días para a subsanación de defectos.

NOTA: debido á dificultade de paso dos buses escolares pola glorieta situada na confluencia da rúa Xinebra coa rúa Bruxelas, **está terminantemente prohibido o tránsito por ela.**

**Segundo.- Publicar** o texto íntegro da Instrución aprobada no apartado anterior, no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal de Mobilidade no seguinte enlace: <https://coruna.gal/mobilidade/gl/detalle-contenido/autorizacions-para-o-transporte-escolar/contenido/1453739586669>, para a súa difusión e xeral coñecemento. Tamén poderá consultarse no teléfono municipal de atención cidadá 010”.

O que se publica para a súa eficacia, garantir o seu coñecemento e facer efectivo o seu cumprimento

A Coruña, 17 de Agosto de 2020

A Directora de Infraestruturas e Mobilidade

Elvira Quinteiros Lorenzo